

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000004.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores, día 1 de febreiro de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUIR UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR NO NUCLEO RURAL TRADICIONAL DE ASTARIZ, O VERAL (Exp. 2021/Y001/000271).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE NAVE INDUSTRIAL DE PLANTA BAIXA E UNHA PLANTA NA RÚA MARÍA BARBEITO (VÍA B, PARCELA E.4.4), PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS (Exp. 2022/Y001/000091).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DE OBRAS DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL, CON INSTALACIÓN DE ASCENSOR E CONSTRUCCIÓN DE ESCALEIRAS, PARA AMPLIACIÓN DE ACTIVIDADE COMERCIAL EXISTENTE, CON LICENZA 439/07, NA RÚA SAN ROQUE NÚMEROS 157, 161, 163 E165, E RÚA REI DON GARCÍA, NÚMEROS 26-28, (Exp. 2022/Y001/000194).
4. LICENZA URBANÍSTICA PARA PECHE DE OCO EN FORXADO NO BAIXO DO EDIFICIO SITO NA AVENIDA DAS AMÉRICAS, NÚMERO 51 (2022/Y001/000319).
5. LICENZA URBANÍSTICA PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS SITO NA RÚA RÍO NAVIA, 53 (2022/Y001/000239).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac700028351527839009.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1-2-2023

6. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA NO NÚCLEO RURAL 10.2 BOCAMAOS-VILACENDOICURRAL DE ARRIBA- CURRAL DE ABAIXO, NA PARROQUIA DE BOCAMAOS (2021/Y001/000326).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

7. ALUGUEIRO DE TRES VIVENDAS QUE CONTAN CON ADAPTACIÓNS TÉCNICAS PARA SER UTILIZADAS POR PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA, SITA EN LEIRAS PULPEIRO, NUM. 7 (CASA DOMÓTICA), EXP. REF. 2021-C005-000018. ADXUDICACIÓN DUNHA VIVENDA A DON GREGORIO SEVILLA PAJÓN.

PERSOAL

8. PROPOSTA DE BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ESTUDOS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE LUGO PARA O CURSO 2021-2022.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do

gobierno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,